

**MEMORIA**

# **FORO SOBRE POLÍTICAS DE APOIO AO COOPERATIVISMO**

**Plan local de promoción do cooperativismo  
de traballo asociado**

**CONCELLO DE VIGO**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO



**CONCELLERÍA  
DE PROMOCIÓN  
ECONÓMICA E EMPREGO**





## ÍNDICE DE CONTIDOS

ÍNDICE.....	2
PRESENTACIÓN.....	3
LIÑAS DE ACCIÓN NA ÁREA DE APOIO A GRUPOS PROMOTORES.....	4
Liñas de apoio financeiro.....	5
Formación, titorización e acompañamento.....	6
LIÑAS DE ACCIÓN NA ÁREA DE DIVULGACIÓN DO COOPERATIVISMO.....	8
LIÑAS DE ACCIÓN NA ÁREA DE APOIO ÁS COOPERATIVAS.....	10



---

## PRESENTACIÓN

---

Partindo do compromiso municipal na promoción do cooperativismo como factor de desenvolvemento económico e social, o Concello de Vigo ten abordado, en colaboración coa Consellería de traballo e a Federación de Cooperativas Sinerxia, o impulso a un Plan local de promoción do cooperativismo de traballo asociado.

A elaboración deste plan consistiu, en primeira instancia, na realización dunha diagnose da situación do cooperativismo de traballo asociado no municipio, facendo un especial fincapé nas necesidades dos novos proxectos, así como no grao de coñecemento e valoración que a cidadanía viguesa ten do cooperativismo como alternativa de autoemprego.

Para a posta en común e a reflexión sobre ditas diagnoses, realizouse unha xornada dirixida principalmente ao sector e ás diferentes axencias de apoio a proxectos cooperativos (servizos de orientación ao autoemprego, axencias de desenvolvemento local...), así como a outros axentes sociais de relevo (Universidade, organizacións sindicais, tecido asociativo...).

Finalmente, debatéronse de forma colexiada por todo este conxunto de actores, as liñas de traballo que deben conformar a actuación municipal neste eido durante os próximos catro anos. A tal efecto, realizouse un foro de propostas baixo o nome de 'Foro sobre políticas de apoio ao cooperativismo'.

Neste documento preséntase o resultado deste foro, froito tamén do traballo de análise anterior, pero focalizado en clave de guía e plan de acción local para o espazo temporal 2009-2012.




## LIÑAS DE ACCIÓN NA ÁREA DE APOIO A GRUPOS PROMOTORES

As liñas de apoio necesarias para a creación e consolidación das cooperativas de traballo asociado deben ir encamiñadas a superar tres tipos de barreiras identificadas nesta diagnose:

- ✓ O descoñecemento do modelo cooperativo como ferramenta para o autoemprego.
- ✓ As dificultades financeiras coas que se atopan os grupos promotores de cooperativas de traballo á hora de poñer en marcha o seu proxecto.
- ✓ A falta de redes sociais que poñan en contacto aos potenciais promotores e axude a superar o factor individualismo nos procesos de emprendemento.

Enténdese, pois, que as accións propostas deberán enmarcarse en tres liñas principais de apoio:



Recollemos neste apartado as liñas de apoio financeiro e de acompañamento e titorización, incorporando as liñas de divulgación nun apartado específico, xa que serven de apoio aos novos proxectos á vez que á visibilización e valorización das cooperativas xa consolidadas.



## Liñas de apoio financeiro

- ✓ Urxe simplificar e axilizar a tramitación e concesión das axudas financeiras aos novos proxectos cooperativos. É preciso establecer convenios coas entidades financeiras que permitan que permitan o adianto das axudas concedidas pola Administración ás cooperativas, posto que o prazo entre a concesión e o cobro soe dilatarse no tempo.
- ✓ Tamén é necesario, por parte da Administración, mellorar a xestión dos fondos, posto que, en ocasións, a pesar de estar concedida a axuda, non se produce o cobro por esgotamento da partida orzamentaria destinada a tal efecto.
- ✓ Cómpre, por parte da Administración, poñer en marcha un programa de información e colaboración coas entidades bancarias, a fin de que se superen as reticencias que impiden o acceso das cooperativas ás liñas de crédito e préstamo. Así mesmo, sería preciso demandar produtos asequibles e adaptados á fórmula cooperativa.
- ✓ Bótase de menos o acceso a liñas de financiamento a medio-longo prazo -salvo no caso dos microcréditos-, que permitan ás entidades devolver os cartos nun maior prazo de tempo.
- ✓ Así mesmo, é notoria a necesidade de favorecer o acceso dos emprendedores a produtos que permitan financiar o capital circulante, a fin de manter a actividade empresarial durante os primeiros meses de actividade.
- ✓ Estudar a posibilidade da posta en marcha unha liña de préstamos sociais, que non esixa avales económicos, senón técnicos. Debería habilitarse un servizo de técnicos especialistas en asesoramento e acompañamento de proxectos que aproben a viabilidade técnica e empresarial dos proxectos cooperativos á hora de solicitar un préstamo, e que este aval técnico sexa suficiente para a obtención do financiamento.
- ✓ Creación dun viveiro de empresas cooperativas no ámbito do Concello de Vigo, que permita aos novos proxectos contar cunha sede social durante os dous primeiros anos de actividade.



## Formación, titorización e acompañamento

Faise preciso promover programas de formación en cooperativismo, a distintos niveis, destinados a todos os axentes implicados no proceso de creación de empresas cooperativas de traballo:

- ✓ Persoas desempregadas
- ✓ Emprendedores cunha idea de negocio
- ✓ Axentes de emprego e desenvolvemento local
- ✓ Asesores e consultores de empresa
- ✓ Persoal de entidades financeiras
- ✓ Persoal técnico da administración local e autonómica

Estes programas poderían ser específicos ou ben módulos formativos inseridos dentro de programas de formación mais amplos. Neste senso, cabería a introdución de programas formativos de autoemprego cooperativo nas accións dirixidas a diferentes colectivos - programas de creación de empresa, de inserción laboral e de formación continua-.

Neste senso, é primordial a adquisición de coñecementos específicos en materia de cooperativismo de traballo por parte do persoal técnico encargado do asesoramento, tanto no ámbito dos servizos públicos como no das asesorías e consultorías privadas. Poderíase artellar un programa de colaboración a tres bandas entre a administración local, as asociacións de cooperativas e as asesorías e consultorías a fin de poñer en marcha accións deste tipo.

En definitiva, trátase de evitar que a elección da fórmula poida supoñer unha dificultade na relación con Administracións, entidades bancarias e servizos cualificados a empresas.

- ✓ Mellorar a formación en cooperativismo do persoal que atende a potenciais persoas emprendedoras, nas diferentes oficinas e servizos presentes no municipio.
- ✓ Mellorar o coñecemento e formación sobre as particularidades das cooperativas en diferentes oficinas coas que estas teñen que operar: Facenda, Consellerías, entidades bancarias, asesorías de empresas, etc.

Non existe unha oferta suficiente de accións formativas nas que se contemple o cooperativismo. Os únicos programas formativos específicos sobre cooperativismo e xestión de entidades cooperativas son os ofertados polo Consello Galego de Cooperativas na súa programación anual e o curso de Formación en Sociedades Cooperativas e Autoemprego, organizado pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo.

Con respecto aos programas de titorización, é necesario deseñar un programa de acompañamento aos novos proxectos cooperativos que se estenda, como mínimo, durante un ano despois da constitución. Faise preciso, pois, dotar aos servizos públicos de asesoramento a emprendedores dos recursos humanos e materiais necesarios.

Dada a especificidade do modelo organizativo cooperativo, convén poñer en marcha un programa de apoio á función xerencial que forneza ás persoas que desenvolven esta



función nas cooperativas das ferramentas necesarias para o seu desempeño, ou ben contemple a posibilidade de favorecer a contratación de xerentes con formación específica en cooperativismo. Neste senso, xa hai unha experiencia previa por parte da Unión de Cooperativas de Traballo Asociado Eixo, con resultados positivos.

Por último, estímase oportuno promover a iniciativa colectiva, activando e mobilizando ideas e vontades para facer posible a emerxencia de novos proxectos cooperativos; favorecendo o intercambio e o coñecemento compartido.

- ✓ Favorecer a emerxencia de foros de intercambio entre persoas promotoras.
- ✓ Crear e poñer a disposición un catálogo de ideas e iniciativas, que poida compartirse e retroalimentarse.



## LIÑAS DE ACCIÓN NA ÁREA DE DIVULGACIÓN DO COOPERATIVISMO

1. Dar a coñecer a fórmula cooperativa, como unha alternativa económica cuns valores sociais positivos.
  - ✓ Minorar o gran descoñecemento social que existe na actualidade.
  - ✓ Conseguir vencer a barreira que supón que a fórmula cooperativa semelle descoñecida, sexa rara, rompa coas pautas vixentes máis asumidas e coñecidas.
2. Introducir o cooperativismo na formación.
  - ✓ Favorecer a introdución do cooperativismo nos curriculums do ensino oficial, nomeadamente nos centros de formación profesional e no ensino universitario.
  - ✓ Contemplar módulos de cooperativismo e economía social nos cursos de formación ocupacional.
3. Comprometer ao propio sector, a través do conxunto de socios e socias de cooperativas, na difusión, visibilización e posta en valor da súa realidade.
  - ✓ Conquerir unha identificación positiva dos cooperativistas coa súa fórmula empresarial e social.
  - ✓ Divulgar e valorizar o cooperativismo, a través deles, cara toda a súa rede social.
4. Establecer alianzas co rico tecido social vigués, por compartir con el obxectivos sociais e modelos de organización democrática e participativa.

Máis en concreto, fórmulanse as seguintes propostas para a estratexia de promoción do cooperativismo de traballo, que teñen como eixo a implementación de mecanismos de fomento da cultura participativa na sociedade:

- ✓ Fomento de xornadas, seminarios, certames e actividades de difusión do cooperativismo de traballo.
- ✓ Accións de visibilización de experiencias cooperativas exitosas para dar a coñecer a posibilidade deste modelo como opción para o autoemprego: organización de xornadas, foros de experiencias, presenza das cooperativas en foros empresariais con outro tipo de sociedades.
- ✓ Accións encamiñadas ao fomento da intercooperación entre cooperativas xa constituídas, a fin de poñer en marcha determinados proxectos que, pola súa pequena dimensión, non poden acometer de xeito individual.
- ✓ Colaboración co movemento asociativo veciñal á hora de divulgar a fórmula como opción para o autoemprego.
- ✓ Posta en marcha de convenios coa Universidade de Vigo e os Centros de





Formación Profesional locais para a realización de prácticas por parte de estudantes dos últimos cursos en cooperativas de traballo asociado.

- ✓ Colaboración coas entidades que imparten cursos de inserción laboral sobre actividades que poden ser nichos para o cooperativismo de traballo, segundo os xacementos de emprego identificados no Plan Estratéxico para o Cooperativismo: servizos da vida diaria, servizos de mellora da calidade da vida, servizos de cultura e ocio e servizos de medio ambiente. Estas actividades coinciden coas sinaladas polos axentes entrevistados como posibles áreas sobre as que incidir á hora de fomenta a creación de novas cooperativas: servizos sociais, servizos a empresas -asesoría, consultoría, enxeñería técnica, servizos informáticos, enerxías renovables, formación e ensino- e servizos profesionais en xeral -que habitualmente soen ser desempeñados por autónomos-.
- ✓ Creación dunha rede de colaboradores e axentes expertos en xestión e formación cooperativa, en colaboración coas asociacións galegas de cooperativas de traballo-Asociación de cooperativas de traballo asociado Eixo e Ugacota, Federación de Empresas Cooperativas Sinerxia- e co grupo de Estudos Cooperativos Grímpola, da Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias da Universidade de Vigo.



## LIÑAS DE ACCIÓN NA ÁREA DE APOIO ÁS COOPERATIVAS

1. Promover fórmulas que permitan priorizar a contratación de cooperativas para a realización de servizos públicos.
  - ✓ Fortalecer a alianza natural entre a economía pública e a economía social, orientadas ambas á satisfacción das necesidades dos cidadáns e cidadás.
  - ✓ Estudar as posibilidades de introducir cláusulas que favorezan a contratación pública de empresas de economía social.
  - ✓ Aproveitar as oportunidades de vinculación, como as iniciativas locais de emprego, para impulsar proxectos de base cooperativa.
2. Favorecer o trato en igualdade ás iniciativas cooperativas, evitando que a elección da fórmula poida supoñer unha dificultade na relación con terceiros (fundamentalmente Administracións, entidades bancarias e servizos cualificados a empresas).
  - ✓ Mellorar a formación en cooperativismo do persoal que atende a potenciais persoas emprendedoras, nas diferentes oficinas e servizos presentes no municipio.
  - ✓ Mellorar o coñecemento e formación sobre as particularidades das cooperativas en diferentes oficinas coas que estas teñen que operar: Facenda, Consellerías, entidades bancarias, asesorías de empresas, etc.